

Venres, 15 de outubro de 2021

Núm. 199

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ROSAL, O

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN MUNICIPAL DE DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

O Pleno do Concello de O Rosal, en sesión ordinaria celebrada o día 1 de outubro de 2021, adoptou por unanimidade dos seus membros o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Desestimar as seguintes alegacións presentadas pola Comunidade de Montes de Santa Mariña de O Rosal polos motivos expostos no informe técnico achegado pola mercantil PROBOSQUE, PROYECTOS FORESTALES Y CERTIFICACION SL:

- A alegación relativa ao encadramento da parroquia de Santa Mariña como de alta actividade incendiaria (PAAI).
- A alegación relativa ao obxectivo do Plan, á planificación supramunicipal e ao establecemento ou definición de actuacións de evacuación.
- A alegación relativa ao estudo climatolóxico.
- A alegación relativa ao estudo hidrolóxico, aínda que se incorporara ao Plan a observación de que parte do municipio verte augas encadrado dentro do territorio xestionado por Augas de Galicia.
- A alegación relativa á Rede Natura.
- A alegación relativa á clasificación dos lumes.
- A alegación relativa á puntos de encontro, dotacións de material e persoal, avisos, etc.

SEGUNDO.- Estimar as seguintes alegacións presentadas pola Comunidade de Montes de Santa Mariña de O Rosal polos motivos expostos no informe técnico achegado pola mercantil PROBOSQUE, PROYECTOS FORESTALES Y CERTIFICACION SL:

- A alegación respecto das sobreiras en predios privados.
- A alegación relativa ao canis lupus.

TERCEIRO.- APROBAR DEFINITIVAMENTE o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de O Rosal -PMPDIF-, tras as modificacións introducidas polas alegacións efectuadas pola Comunidade de Montes de Santa Mariña de O Rosal así como tras o Informe favorable da Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, asinado electronicamente polo técnico competente da entidade Probosque, Proyectos Forestales y Certificación, S.L. en data 19 de xullo de 2021.



Venres, 15 de outubro de 2021

Núm. 199

CUARTO.- Publicar o Plan definitivamente aprobado na páxina web do Concello de O Rosal así como no Portal de Transparencia da Sede Electrónica do Concello e o presente acordo no BOPPO para xeral coñecemento.

QUINTO.- Dar conta de este acordo á Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia para o seu coñecemento.

SEXTO.- Contra o presente acordo que pon fin a vía administrativa, consonte os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución. O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos oportunos.”

O que se fai público para xeral coñecemento.

A Alcaldesa — Ánxela Fernández Callís.

